

### BASES DO CONCURSO DE DECORACIÓN DE NADAL

#### **Contido Bases Legais Concurso.**

#### **1. Obxecto e finalidade**

O Concello de Vilalba, a través da súa Concellería de Educación, Infancia e Mocidade, Feiras e Mercados, convoca o concurso de decoración de casas, fachadas e balcóns, coa finalidade de promover e contribuír a crear un ambiente festivo nas rúas durante a época de Nadal.

#### **2. Persoas ás que se dirixe.**

Poderán participar no concurso todas aquelas vivendas tanto do casco urbano como do rural. Os participantes deberán ser maiores de idade e estar empadroados/as no concello.

Para participar neste concurso establécense as seguintes categorías:

- **Categoría Casas**, decoración *exterior* da casa (votación xurado).
- **Categoría pisos/edificios**, decoración de fiestras, balcóns e portas de *exterior*, (votación xurado).
- **Categoría de decoración interior**, tanto de Casas como para pisos/edificios. (votación Facebook)

Cada vivenda poderá optar ao premio do xurado, que valorará o *exterior da casa/piso/edificio*, así como ao premio popular de Facebook, no que serán valorados os interiores das casas e pisos/edificios. Polo tanto poderase presentar ao concurso unha mesma vivenda coa **decoración exterior** (valoración do xurado) e **interior** (votación Facebook), ou ben a unha soa categoría.

#### **3. Inscripción**

Poderanse inscribir dende o día **da publicación das bases ata o 18 de decembro de 2022**, a través da sede electrónica do concello <https://vilalba.sedelectronica.es/> cubrindo a instancia xeral e achegando o anexo de inscrición e documentación complementaria, ou ben presencialmente por rexistro, en horario de 9:00h a 14:00h.

A folla de inscrición (Anexo I), que estará dispoñible na web do concello [www.vilalba.gal](http://www.vilalba.gal) e na oficina de cultura.

BASES APROBADAS POR XUNTA DE GOBERNO O 28 DE NOVEMBRO DE 2022

Asdo. A alcaldesa

M.<sup>a</sup> Elba Veleiro Fernández



### 4. Mecánica de participación

- \_ O tema para desenvolver será alegórico ao ambiente propio das Festas do Nadal.
- \_ As decoracións deben estar visibles desde a rúa, e completamente instaladas desde o **21 de decembro de 2022 ao 6 de xaneiro de 2023**.
- \_ Valorarase decoración de vivendas (fachadas, xardíns, balcóns e xanelas) tanto do casco urbano como no rural.
- \_ As visitas do xurado faranse en calquera momento durante o período no que as vivendas deban estar adornados, e sen previo aviso
- \_\_ A decoración dos balcóns, xanelas e fachadas non ten que causar ningún perigo nin prexuízo para as persoas e bens sendo responsable de calquera dano o propietario e eximindo ao concello de calquera dano, ademais de poder ser excluído por esta razón.
- \_\_ Os motivos da decoración serán única e exclusivamente do Nadal.
- \_\_ **Antes do día 22 de decembro de 2022**, deberán achegar as fotos da categoría a que concursan ao correo [cultura@vilalba.es](mailto:cultura@vilalba.es), especificando no asunto: "Concurso de decoración de casas, fachadas e balcóns de Nadal" e a categoría a que concursan.

### 5. Criterios de valoración.

Os criterios de valoración son:

- Orixinalidade e complexidade: de 0 a 5 puntos
- Artesanía: de 0 a 5 puntos
- Deseño: de 0 a 5 puntos
- Decoración con material reciclado: de 0 a 5 puntos
- Iluminación: de 0 a 5 puntos

No caso de empate na puntuación obtida, o xurado establecerá o mecanismo para desempatar.

**BASES APROBADAS POR XUNTA DE GOBERNO O 28 DE NOVEMBRO DE 2022**

Asdo. A alcaldesa

M.<sup>a</sup> Elba Veleiro Fernández



### 6. Premios.

Establécense as seguintes categorías e premios:

CASAS	PISOS / EDIFICIOS	CASAS E PISOS / EDIFICIOS
Decoración Exterior casas	Decoración fiestras, balconés, portas de exterior.	*Decoración Interior
(Votación xurado)	(Votación xurado)	(Votación Facebook)
1ª premio: 200€ 2º premio: 150 € 3º premio: 100 €	1ª premio: 150€ 2º premio: 100 € 3º premio: 50 €	Premio: 75 €

\_\_\_ \* **Premio decoración interior:** 75 €, será un premio especial por ser o **máis votado en Facebook** con máis me gustas ou encántame, ata o 6 de xaneiro de 2023 ás 23:59. Premio non acumulable aos premios anteriores.

O financiamento dos premios farase con cargo á aplicación orzamentaria 338 / 48942

### 7. Xurado.

O xurado estará presidido pola concelleira de Educación, Infancia e Mocidade, Feiras e Mercados ou persoa que a substitúa, e actuando de secretaria o/a técnica/o de cultura, ou persoa que a substitúa.

Tanto a composición dos membros do xurado como a resolución dos premios, faranse públicos na páxina web [www.vilalba.gal](http://www.vilalba.gal) e na Sede Electrónica do concello.

O xurado poderá visitar as decoracións calquera día e en calquera momento no período de concurso.

Os premios poderán quedar desertos no caso de non cumprir os requisitos mínimos esixidos.

Unha vez que se reúna o xurado daranse a coñecer os/as premiados/as, na páxina web <https://www.vilalba.gal/> na Sede Electrónica do concello e a través dos distintos medios de comunicación.

### 8. Aceptación das bases do concurso.

A participación neste Concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases, así como as decisións do Xurado, podendo quedar excluído todo aquel participante que

**BASES APROBADAS POR XUNTA DE GOBERNO O 28 DE NOVEMBRO DE 2022**

Asdo. A alcaldesa

M.<sup>a</sup> Elba Veleiro Fernández



incumpra as mesmas.

### **9. Protección de datos de carácter persoal**

As persoas participantes aceptan, mediante a súa participación neste concurso, a publicación das fotografías das fachadas nas redes sociais, medios de comunicación e web do Concello de Vilalba; e os seus datos serán tratados de conformidade co recollido na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e a restante normativa aplicable na materia.

### **10. Dereitos de imaxe.**

Cada participante manifesta e responsabilízase de que ostenta os dereitos de imaxe e propiedade intelectual sobre todo o material presentado a concurso. A aceptación da participación supón dar o consentimento ao Concello de Vilalba para empregar as fotografías como parte do material promocional se así se estima oportuno.

**BASES APROBADAS POR XUNTA DE GOBERNO O 28 DE NOVEMBRO DE 2022**

Asdo. A alcaldesa

M.<sup>a</sup> Elba Veleiro Fernández

